# A actividade marisqueira en Galicia

Elisa Gago Moldes

Marzo2011
EGAP

# Índice

- O marisqueo en Galicia.
- Recursos marisqueiros.
- Artes, útiles e técnicas.
- Xestión do marisqueo a través dos plans de explotación (plans de xestión).

# O marisqueo. Definición

Actividade extractiva desenvolvida (a pé ou desde embarcación) na zona marítima ou marítimo-terrestre dirixida de modo exclusivo e con artes selectivas e específicas á captura dunha ou varias especies de moluscos, crustáceos, tunicados, equinodermos e outros invertebrados mariños, con fins de comercialización

# O marisqueo. Competencias

- A Comunidade Autónoma galega ten competencias exclusivas en marisqueo:
  - ✓ Zona marítimo-terrestre
  - ✓ Zona marítima augas interiores
  - ✓ Mar territorial
  - ✓ Zona económica exclusiva correspondente ao litoral galego

Na pesca, unicamente en augas interiores.

h Unica Comunidade Autónoma cunha consellería adicada exclusivamente á pesca, ao marisqueo e á acuicultura.

# Normativa relativa a marisqueo:

- Lei 6/2009, do 11 de decembro, que modifica a Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia.
- Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de compentencia da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 423/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de marisqueo, extracción de algas e cultivos mariños. (DOG nº 13, do 20 de xaneiro de 2004). Decreto 237/2002, do 11 de xullo
- Orde do 20 de decembro de 2010 pola que se aproba o Plan Xeral de Explotación Marisqueira para o ano 2011 (DOG nº 251, do 31 de decembro de 2010)

# Os recursos mariños explotados en Galicia.



# O marisqueo a pé. Evolución do emprego

**Pescadegalicia.com**

Venres, 7 de xaneiro de 2011

| | 2000 | 2001 | 2002 | 2003 | 2004 | 2005 | 2006 | 2007 | 2008 | 2009 | 2010 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Xeral | 6.554 | 5.953 | 5.448 | 5.211 | 4.865 | 4.641 | 4.421 | 4.285 | 4.079 | 3.832 | 3.692 |
| Percebe | 519 | 524 | 498 | 469 | 491 | 479 | 471 | 449 | 445 | 418 | 388 |
| Navalla e Longueirón | 83 | 74 | 7 | 7 | 4 | 4 | 4 | 4 | 4 | 4 | 3 |
| Poliquetos | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 5 | 17 | 27 | 27 | 40 |
| **TOTAL** | **7.156** | **6.551** | **5.953** | **5.687** | **5.360** | **5.124** | **4.901** | **4.755** | **4.555** | **4.281** | **4.123** |



# O marisqueo dende embarcación.

Rexistro de Buques Pesqueiros de Galicia 2010

## Artes menores Marisqueo

Datos agregados | Datos medios | Por provincias | Por zonas | Por portos | Por eslora | Por arqueo | Por potencia | Artes menores

### Frota de artes menores con artes de marisqueo

| Datos agregados | Buques | | Distribución | | Arqueo | | Potencia | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Nº | % Var | % | Var % | GT | % Var | CV | % Var |
| Endeño remolcado | 31 | -8,82% | 0,95% | -0,09% | 199 | -1,83% | 2.128 | -2,61% |
| Marisqueo desde embarcación | 2.603 | 0,08% | 80,07% | 0,53% | 2.587 | 0,25% | 38.301 | 0,09% |
| Navalla e longueirón | 226 | 4,15% | 6,95% | 0,32% | 222 | 3,20% | 3.912 | 3,36% |
| Orella de mar | 37 | -11,90% | 1,14% | -0,15% | 30 | -10,51% | 542 | -11,30% |
| Ourizo | 166 | -2,35% | 5,11% | -0,09% | 192 | -3,05% | 3.047 | -2,00% |
| Percebe | 591 | -1,83% | 18,18% | -0,23% | 1.024 | -4,08% | 14.280 | -2,30% |
| Rastro camarón | 257 | -0,77% | 7,91% | -0,02% | 276 | -0,46% | 4.385 | -0,76% |
| Rastro vieira | 196 | -2,00% | 6,03% | -0,09% | 854 | -1,55% | 8.355 | -2,07% |
| Rastro Voland. Zambu. Ostra | 35 | 2,94% | 1,08% | 0,04% | 54 | 3,03% | 490 | 1,87% |
| **Artes de marisqueo** | **3.251** | **-0,58%** | **100,00%** | **0,00%** | **4.372** | **-1,06%** | **59.036** | **-0,89%** |

# Moluscos bivalvos

A Pesca e o Marisqueo

Inicio | Buscar | Atrás | << | >> | Historial | Saír

Os Mariscos

Moluscos biva

OS MOLUSCOS BIVALVOS son dentro dos moluscos un dos seus grupos máis representativos. Son animais acuáticos, a maioría mariños, caracterizados por non te-la cabeza diferenciada e a cuncha formada por dúas valvas unidas pola **charnela**. O pé está transformado nun órgano escavador en forma de macheta. As branquias son laminares. Dentro dos mariscos son o grupo con maior número de representantes:



- ameixa
- carneiro
- chirla
- reló
- berberecho rabioso
- coquina
- berberecho
- marolo
- mexillón
- navalla
- longueirón
- arola
- vieira
- volandeira
- zamburiña
- ostra

# Moluscos gasterópodos

A Pesca e o Marisqueo

Inicio | Buscar | Atrás | << | >> | Historial | Saír

Os Mariscos

Gasterópo

**OS GASTERÓPODOS** conforman o terceiro grupo do amplo abano dos **moluscos**. A pesar de seren moi numerosos e variados non ofrecen unha grande abundancia de especies comestibles.

Tal vez o distintivo máis apreciable e máis recoñecible a simple vista é ter unha cuncha dunha única peza e normalmente con forma espiral. Ademais teñen un **pé** con funcións locomotoras e respiran por branquias (excepto os de auga doce e terrestres).



- Caramuxo
- Lapa
- Peneira

# Listado dos moluscos bivalvos máis vendidos nas lonxas galegas




pescadegalicia.com
Plataforma tecnolóxica da pesca

# Moluscos cefalópodos

A Pesca e o Marisqueo

Inicio | Buscar | Atrás | << | >> | Historial | Saír

Os Mariscos

Cefalópodos

OS CEFALÓPODOS son outro dos grupos que forman parte dos **moluscos**. E, dentro dos moluscos, hai que subliñar que son o grupo máis evolucionado. Son mariños que nadan polo sistema de retropropulsión. Posúe brazos tentaculares, provistos de ventosas que rodean a cabeza ("cephalo" = cabeza; "podo" = pé) no que se atopa a boca provista de dúas fortes mandíbulas. A cuncha, en **chocos** e **luras** é interna e moi pequena mentres que xa non existe nos **polbos**. Os ollos son grandes e desenvolvidos e teñen unha glándula característica, a **glándula da tinta**, que empregan como sistema defensivo: cando se ven atacados liberan o seu contido, a tinta, desorientando ó agresor.



L u r a

C h o c o

P o l b o

# Listado dos moluscos cefalópodos máis vendidos nas lonxas galegas




pescadegalicia.com
Plataforma tecnolóxica da pesca

# Crustáceos

**A Pesca e o Marisqueo**

Inicio | Buscar | Atrás | << | >> | Historial | Saír

Os Mariscos

Crustáceos

**OS CRUSTÁCEOS** son, dentro dos artrópodos, e despois dos insectos, o grupo que maior número de especies posúe: unhas 30.000. A maioría son acuáticos, tanto mariños como de auga dóce.

Toman o seu nome do escudo ou cacho duro (de "crusta", costra) que levan e que cobre a meirande parte do seu corpo, de natureza quitinosa e moi calcificado. Ademais teñen dous pares de antenas e un desenvolvemento indirecto: pasan por estadios larvais e, xa adultos, medran por mudas.

Conforman un grupo moi amplo, pero só consideraremos aqueles de maior peso comercial:



- Boi
- Cangrexo
- Centola
- Nécora
- Percebe
- Camarón
- Cigala
- Lumbrigante
- Lagosta
- Santiaguiño

# Listado dos crustáceos máis vendidos nas lonxas galegas



# Equinodermos

A Pesca e o Marisqueo

Inicio | Buscar | Atrás | << | >> | Historial | Saír

Os Mariscos

Equinoderm

**OS EQUINODERMOS** forman un grupo exclusivamente mariño que se caracterizan por ter un esqueleto externo espiñento e por ter uns filamentos con ventosas nas extremidades, cos cales se pegan ós corpos sumerxidos e lles permiten moverse.

Son animais bentónicos que se atopan en tódolos océanos dende a beiramar ata as maiores profundidades abisais. Das case 6.000 especies que se coñecen de **equinodermos** interésanos, dende o punto de vista do **marisqueo**, e polo de agora, só unha:

O urizo



# Valor en primera venta




| | 2001 | 2002 | 2003 | 2004 | 2005 | 2006 | 2007 | 2008 | 2009 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Bivalvos | 16.402.394 | 26.457.004 | 26.326.546 | 31.060.483 | 30.971.915 | 36.845.033 | 43.908.967 | 47.479.213 | 37.785.369 |
| Gasterópodos | 16.572 | 20.821 | 12.612 | 12.936 | 18.585 | 32.459 | 28.871 | 32.146 | 33.036 |
| Cefalópodos | 16.165.846 | 19.311.599 | 21.284.356 | 25.123.242 | 19.095.882 | 15.946.477 | 23.502.266 | 25.361.952 | 19.343.496 |
| Crustáceos | 22.699.596 | 20.760.591 | 23.588.710 | 31.208.875 | 38.324.517 | 38.445.043 | 34.627.895 | 30.065.184 | 25.265.698 |
| Equinodermos | 868.368 | 983.792 | 495.357 | 1.241.988 | 1.250.501 | 1.469.808 | 1.698.607 | 1.987.498 | 1.214.793 |
| Totales | 56.152.775 | 67.533.806 | 71.707.581 | 88.647.524 | 89.661.402 | 92.738.820 | 103.766.606 | 104.925.993 | 83.642.391 |

# Nasas






| Nasas | Uso | Zona | Captura |
|---|---|---|---|
| nécora e camarón | todo o ano | sen limitación | nécora e camarón |
| lagosta e bogavante | 1/07 – 31/08 | fora anexo I | lagosta, bogavante |
| centola | 2/01 - 30/06 e 23/11 - 31/12 | | centola |
| polbo (pechada) | todo o ano menos no período de veda desta especie | fora anexo I. Salvo 1/10 – 30/04 por fora anexo V | polbo, nécora e camarón |
| polbo (aberta) | | dentro anexo I | polbo |
| choco | | | |
| peixes | | fora anexo I | faneca e unha ampla variedade de outros peixes |
| butrón | todo o ano | Ferrol, Arousa e Vigo | anguía, lamprea, choco e unha gran variedade de especies |
| anguía | todo o ano | | anguía |

# Nasas






| Nasas | Zona | Malla Mín. mm | Long. Máx. mm | Altura ou diám. mm | Diám. Máx. Boca mm | Lonx. Máx. m | Tipo Emb. | Núm. Máx. nasas | Uso | Horario | Número de barcos limitado |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| nécora e camarón | sen limitación | 16 ou 10 | 550 | 350 | 160 (50 no período de veda da nécora) | 2.500 | I, II<br>III<br>IV-VII | 150<br>250<br>350 | todo o ano | 2 < oca Do, 2 > ort Ve, nocturno. Pode ser diúrna onde non haxa polbo | Non |
| lagosta e bogavante | fora anexo I | 70 ou 35 | 550 | 350 | 230 | 2.500 | I, II<br>III<br>IVI<br>V-VII | 80<br>100<br>120<br>140 | 1/07 – 31/08 | 2 < oca Do, 2 > ort Ve, nocturna | Non |
| centola | fora anexo I, entre apert. veda e 30/04 fora anexo V | 55 entre varelas. 50 [redacted] | 600 | 450 | 250 | 2.500 | I, II<br>III<br>IVI<br>V-VII | 80<br>100<br>120<br>140 | 2/01 - 30/06 e 28/11 - 31/12 | 06:00 Lu - 16:00 Ve, diúrna | Non |
| polbo (pechada) | regulado nos plans de xestión | | | | | | | | | | |
| polbo (aberta) | sen limitación | 16 ou 10 | 550 | 350 | 160 | 5.000 | I y II<br>III<br>IV - VII | 175<br>300<br>550 | todo o ano menos o período de veda desta especie | regulado nos plans de xestión. Diúrna | Non |
| choco | sen limitación | 50 | 1.500 | 900 | 200 | 2.500 | | 100 | todo o ano | diúrna e nocturna | Non |
| peixes | fora anexo I e do PNIA. Prof. > 30 m | 50 | 2.000 | 800 | | 3.000 | | 48 | todo o ano | 07:00 Lu - 17:00 Ve do 1/05 - 30/09. 07:00 Lu - 15:00 Ve do 1/10 - 30/04. | Sí |
| butrón | Ferrol, Arousa e Vigo | 14 e 16 | 6.000 | | | 2.500 | | 80 | todo o ano, con plan de xestión | diúrna e nocturna | Sí |
| anguía | regulado nos plans de xestión | | 670 | 350 | | 2.500 | | 80 | todo o ano, con plan de xestión | diúrna | Sí |

# Artes de pesca remolcadas










| Modalidade | Variantes | Uso | Zona | Captura |
|---|---|---|---|---|
| arrastre de fondo | bou | | prohibido en augas interiores | |
| | baca | | prohibido en augas interiores | linguado, rodaballo, rape, raia, polbo, langostino. |
| arrastre peláxico | | | prohibido en augas interiores | arenque, sardiña, pescada, lura, etc. |
| arrastre semipeláxico | | | prohibido en augas interiores | lura, pota, pescada, xurelo, bacallao. |
| bou de vara | | 1/11 – 31/03 | Ría de Arousa. Prof. > 10 m | camarón, nécora, zamburiña, linguado, solla, faneca, conguito, etc. |
| bou de man ou rapeta | | 2/11 – 31/03 | Rías de Arousa, Pontevedra e Vigo. Prof. > 10 m | centola, camarón, faneca, sardiña, salmonete, nécora, polbo, conguito, etc. |
| boliche ou chinchorro | | 01/07 – 30/09 | Diúrno | lura, choco, polbo, xurelo, faneca, ollomol, etc. |

# Artes de pesca remolcadas










| Modalidade | Variantes | Malla Mín. mm | Lonx. Máx. Calón m | Lonx. Máx. Cope m | Lonx. Máx. Vara/coroa m | Chumbada Kg | Alt. Máx. m | Uso | Zona | Horario | Número de barcos limitado |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| arrastre de fondo | bou | | | | | | | | ámbito territorial de Galicia | 24:00 Do - 24:00 Ve | Sí |
| | baca | | | | | | | | ámbito territorial de Galicia | 24:00 Do - 24:00 Ve | Sí |
| arrastre peláxico | | | | | | | | | ámbito territorial de Galicia | 24:00 Do - 24:00 Ve | Sí |
| arrastre semipeláxico | | | | | | | | | ámbito territorial de Galicia | 24:00 Do - 24:00 Ve | Sí |
| bou de vara | | 60 / 50 | 6 | 6 | 6 | 10 | 3,5 | Nov-Mar, con plans, < 50 CV | Ría de Arousa. Prof. > 10 m. | 8:00 -14:30. Para conguito desde ocaso ata orto | Sí |
| bou de man ou rapeta | | 80 / 50 | 30 | 6 | | 1 cada 4 m | | Nov-Mar, con plans, < 50 CV | Rías de Arousa, Pontevedra e Vigo | 8:00 -14:30. Para conguito desde ocaso ata orto | Sí |
| boliche ou chinchorro | | 25 | 100 | 7 | 3 | 1 cada 4 m | | Xul-Out, con plans | | de orto a ocaso, diúrna | Sí |

# Útiles de marisqueo






| Modalidade | Variantes | Captura |
|---|---|---|
| a pé | sacho, angazo e fouciño | |
| | rañica ou gancha a pé | |
| | forquilla | berberecho y almejas |
| a flote | raños | berberecho y almejas |
| | ganchas | almejas y berberecho |
| | rastro de vieira | vieira |
| | rastro de ostra | volandeira, zamburiña y ostra |
| | endeño remolcado | ameixa rubia |
| | rastro de camarón | camarón |
| | rastro de berberecho | almejas, berberecho, reló, etc. |
| | rastro de ameixa | |
| recursos específicos | percebe | |
| | ourizo | |
| | navallas e longueiróns | |
| outros recursos | algas | |
| | poliquetos | |

# Útiles de marisqueo






| Modalidade | Variantes < 10 TRB | malla ou separación entre varelas mm | Lonx. platina Máx. cm | Lonx. dentes Máx. cm | Uso | Zona | Horario | Número de barcos limitado |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| a pé | sacho, angazo e fouciño | | | | | | | |
| | rañica ou gancha a pé | 17 | | 15 | | Autorizacións e libre marisqueo | 2,5 h antes - 2,5 h despóis da marea, máx. 18:00 | |
| | forquilla | 12 | | 34 | todo o ano, con plans | | | |
| a flote | raños | 17 | | | con plans. Barcos de < 3 TRB ou 2,6 GT | Autorizacións e libre marisqueo | 8:00 - 14:00 de 1/10 - 31/05 e 7:00 -14:00 de 1/06 -30/09 | |
| | ganchas | | 70 | 15 | | | | Non |
| | rastro de vieira | 100 | 175 | 10 | | Prof. > 5 m | | Non |
| | rastro de ostra | 60 | 175 | 10 | | Prof. > 5 m | | Non |
| | endeño remolcado | 20 / 17 | 90 | 15 | con plans. Barcos de < 10 TRB ou 10 GT | Prof. > 15 m | | Sí |
| | rastro de camarón | 10 | 300 | 0 | | Prof. > 5 m | 8:00 - 14:00 | Non |
| recursos específicos | percebe | | 5 | | con plans, Barcos de < 3 TRB ou 2,6 GT | | 2 ,5 h antes - 2 h despóis da marea, máx. 18:00 | Non |
| | ourizo | | | | con plans. Barcos de < 10 TRB ou 10 GT | | 8:00 - 15:00. A pé igual que bivalvos | Non |
| | navallas e longueiróns | | | | con plans. Barcos de < 10 TRB ou 10 GT | | 8:00 - 14:00. A pé igual que bivalvos | Non |
| outros recursos | algas | | | | con plans. Barcos de < 10 TRB ou 10 GT | | 8:00 - 14:00. A pé igual que bivalvos | Non |
| | poliquetos | | | | | | | Non |

# A explotación dos bancos marisqueiros

- Autorizacións administrativas xestionadas por entidades asociativas do sector
- Concesións administrativas: parques de cultivo
- Zonas de libre marisqueo: xestión non se realiza baixo  ningún dos títulos administrativos de autorización ou concesión.  Administración pesqueira

# Plan Xeral de Explotación Marisqueira: que é?

- A actividade de marisqueo e a extracción de algas desenvólvese no marco do Plan Xeral de Explotación Marisqueira.
- Conxunto de normas e orientacións destinadas a regular e programar a extracción de marisco e algas con carácter anual.
- Réxime para que a explotación se realice con garantías dunha boa xestión do recurso.

# Plan Xeral de Explotación Marisqueira: que é?

- Aprobado mediante orde da Consellería do Mar. Publicada no DOG (data límite de publicación: 31 de decembro)
- Epígrafes:
  - Plans explotación para as autorizacións
  - Plans específicos de explotación para as zonas de libre marisqueo
  - Plans explotación recursos específicos: percebe, solénidos, ourizo, peneira e algas
  - Normas para as zonas de libre marisqueo
  - Períodos de extracción de crustáceos

# Os plans de explotación: contido

- Zona de traballo: delimitación dos bancos
- Especies
- Número de mariscadoras a pé, embarcacións, tripulantes, mergulladores…..
- Proposta de ampliación ou cobertura das vacantes producidas
- Avaliación do recurso: mostraxes e seguimento
- Obxectivos de produción e económicos
- Labores de semicultivo, accións de rexeneración…
- Calendario probable de extracción e días máximos anuais
- Cotas máximas de captura
- Artes empregadas
- Puntos de control: funcionamento, responsables, situación,..
- Normas do plan: vixilancia, organización dos traballos,
- Normas de comercialización
- Plan financeiro

# Os plans de explotación: deseño

- A xunta directiva da agrupación elabora a proposta do plan co asesoramento da asistencia técnica da confraría e dos técnicos da Consellería (biólogos de zona, axentes de extensión) con base en:

  - ✓ Mostraxes: análise poboacional
  - ✓ Seguimento da extracción: nº días de extracción, nº de mariscadores/embarcacións/tripulantes/mergulladores, CPUE, tallas, prezos…
  - ✓ Organización interna: nivel organizativo, conflitos entre sectores…

- A proposta do plan é presentado ante a asamblea xeral da agrupación para a súa aprobación

- Unha vez aprobado pola asemblea dáse traslado aos órganos de goberno da confraría para a súa aprobación ou modificación (debidamente motivada)

- O plan preséntase na Consellería do Mar antes do 1 de novembro de cada ano

# Os plans de explotación: valoración e aprobación

- Valoración: Propostas dos departamentos territoriais:

  - Criterios da Consellería do Mar
  - Informes técnico-biolóxicos
  - Informes axentes extensión
  - Informes técnicos: zonas de especial protección
  - Informes carácter administrativo: titulacións, vixencia dos permisos, comprobación límites das zonas de explotación

- Todas as propostas dos departamentos territoriais xunto con todos os informes son valoradas novamente na D.X. Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños que elabora a proposta definitiva para a súa aprobación pola conselleira do Mar.

- Os plans de explotación aprobados intégranse no Plan Xeral de Explotación Marisqueira anual: zona, especies época probable, días máximos, puntos de control.

- As condicións nas que se desenvolven os plans están recollidas nas fichas resumo (www.pescadegalicia.com)

# Os plans de explotación:

- Participación activa dos profesionais no deseño dos plans: maior implicación na xestión dos recursos

- Colaboración entre técnicos e profesionais: integran moi diversos aspectos da xestión dos recursos:
  - Biolóxicos
  - Económicos
  - Sociais
  - Organizativos

# Os plans de explotación: o seu desenvolvemento

Aprobado o Plan Xeral e polo tanto, os plans de explotación, as entidades solicitan a autorización para realizar a actividade:

- Mínimo 15 días de anticipación ao inicio
- Departamentos territoriais

Os departamentos territoriais autorizan/denegan a actividade con base en:
- Informes técnicos/seguimento: biólogos de zona
- Informes de Intecmar

A resolución de autorización:
- Zona autorizada
- Especies e cotas máximas de captura
- Relación de embarcacións/tripulantes/mergulladores/mariscadoras
- Puntos de control e puntos de venda
- Artes autorizadas

# Normas para as zonas de libre marisqueo

- Non existe plan específico de explotación xestionado por unha entidade porque:
  - Non foi presentado
  - Non foi aprobado ao non reunir as condicións mínimas para unha xestión sostible

- Xestionadas pola Administración pesqueira
  - 1 outubro-31 de marzo
  - Cotas máximas de captura: Plan Xeral
  - Acceso: ser titular dun permiso de explotación

# FLUJO DE INFORMACIÓN EN LOS DESPACHOS



pescadegalicia.com
Plataforma tecnolóxica da pesca

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

Sábado, 10 de abril de 2010

- estatísticas
- cotizacións
- comercio
- rexistro buques
- publicacións
- plans explotación
- mostraxes
- reservas mariñas
- documentos
- alternancia

**OUTROS SITIOS**

- consellería
- c. oceanográficas
- lonxas
- meteoroloxía
- fishbase

envío datos

Usuario
Clave

## Publicacións

### Anuarios de pesca

- Anuario de Pesca de Galicia 2003 (5,3MB aprox.)
- Anuario de Pesca de Galicia 2004 (3MB aprox.)
- Anuario de Pesca de Galicia 2005 (22MB aprox.)
- Anuario de Pesca de Galicia 2006 (26MB aprox.)
- Anuario de Pesca de Galicia 2007 (33 MB aprox.)
- Anuario de Pesca de Galicia 2008 (23 MB aprox.). Contido do CD anexo.

### Acuicultura

- Acuicultura 2003 (1,5MB aprox.)
- Acuicultura 2004 (21MB aprox.)
- Acuicultura 2005 (21MB aprox.)
- Acuicultura 2006 (16,7MB aprox.)
- Acuicultura 2007 (33MB aprox.)
- Acuicultura 2008 (23MB aprox.)

### Rexistro de buques

- Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia 2004 (8,5MB aprox.)
- Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia 2005 (7,5MB aprox.)
- Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia 2006 (7,6MB aprox.)
- Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia 2007 (5MB aprox.)
- Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia 2008 (21MB aprox.). Contido do CD anexo.
- Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia 2009 (12MB aprox.). Versión dixital.

### Outras publicacións

# Más información...